



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 27 DE AGOSTO DE 2015.

ASISTENTES:

Presidente:
D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO
D.^a MONTSERRAT HERMIDA MONTERO
D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN
D.^a LAURA PIÑEIRO MONTES
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO
D. DAVID RODRIGUEZ SANMARTÍN
D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

SECRETARIO:
D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e sete de agosto de dous mil quince baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 15 DE XULLO DE 2015. ACORDO QUE PROCEDA

Aberta a sesión pola Presidencia, solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data quince de xullo de dous mil quince.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS 8/2015. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos número 8/2015 por importe de 23.000 €, que recolle suplementos en once partidas do orzamento de gastos .

A Comisión Informativa de asuntos do Pleno informou favorablemente este asunto na súa derradeira sesión de data vinte de agosto de dous mil quince.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dí que polo que respecta á modificación de créditos proposta quedou claro en Comisión o suplemento que afecta á partida da recollida do lixo, pero hai outras partidas como parques e xardíns e mantemento de vías públicas que nos parece que están relacionadas directamente cos gastos que se fixeron con motivo das eleccións municipais 2015, e polo tanto dí que o seu grupo municipal non está a favor de gastar alegremente os cartos públicos.

Polo voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy, solicita do Sr. Alcalde-Presidente que lle explique polo miúdo a que corresponde cada suplemento previsto para as partidas en cuestión.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, explícase polo miúdo, partida a partida a qué gastos corresponden os suplementos de crédito previstos no expediente e a razón de que se esgotasen os créditos iniciais, previstos nas correspondentes partidas de gastos do orzamento municipal de 2015.

Remata o debate coa intervención do Sr. Alcalde-Presidente, para responder ao voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, no sentido de que as obras que se fixeron en período electoral foron as que xa estaban contratadas no seu momento, polo tanto non se pode acusar de electoralismo.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por maioría de votos (7 votos a favor da aprobación dos Sres./Sras. Concelleiros/as dos Grupos Municipais do P S de G - PSOE e Mixto - PP e 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos número 8/2015, pola modalidade de suplemento de créditos, con cargo a novos ingresos, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIGNACIÓN INICIAL	XERACIÓN DE CRÉDITOS	SUPLEMENTOS CREDITOS AO REMANENTE LIQUIDO TESOURERIA 2014	TOTAL CONSIGNACIÓN RESULTANTE
I GASTOS DE PERSOAL	345.696,88€			345.696,88€
II GASTOS BENS CORRENTES	590.174,32€		23.000,00€	613.174,32€
III GASTOS FINANCIEROS	0,00€			0,00€
IV TRANSF. CORRENTES	23.000,00€			23.000,00€

VI INVESTIMENTOS REAIS	324.350,97€			324.350,97€
VII TRANSF. CAPITAL	0,00€			0,00€
VIII ACTIVOS FINANCIEROS	0,00€			0,00€
IX PASIVOS FINANCIEROS	0,00€			0,00€
TOTAL	1.283.222,17€		23.000,00€	1.306.222.17€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

3. EXPEDIENTE DE CESIÓN GRATUITA DA ESCOLA VELLA DO BARREIRO Á SOCIEDADE DEPORTIVA C.E S.E SANTA MARÍA DE CABALAR. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente do expediente instruído a instancias da Sociedade Deportiva de Cazadores Santa María de Cabalar, para a cesión do local da antiga escola do Barreiro, hoxe adicada á albergue de turismo rural. Dí o Sr. Alcalde que o Grupo de Goberno é partidario de ceder locais á Asociacións e entidades do Concello para que fagan uso deles e así mantelos nun estado de uso normal e non que estean abandonados .

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, díse que a Escola do Barreiro na actualidade está dotada como se fose unha vivenda e que vista a solicitude da Sociedade Deportiva de Caza, Santa María de Cabalar, na que dín que se reúnen unha vez ao ano parécenos máis axeitado dados os problemas de vivenda que hai no Concello, buscar outro local máis axeitado e destinar a escola antiga do Barreiro a vivenda mediante o establecemento dun aluguer social.

Polo voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy, dí expresamente que coincide co manifestado polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, e que en todo caso habería que buscar unha fórmula e establecer uns criterios para a cesión dos locais propiedade do concello con carácter xeral. Suliña así mesmo que se a sociedade de caza Santa María de Cabalar o vai empregar só unha vez ao ano, sen dúbidas non é o local asegurado e poderíase buscar outra solución, incluso para que as dúas asociacións de caza que existen no concello compartan o uso do mesmo local.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, díse que efectivamente, claro que se pode ceder a unha familia o uso da escola e asinar o correspondente contrato de aluguer, pero de todos os xeitos, non é certo que a sociedade de cazadores Santa María de Cabalar

se reúna somentes unha vez ao ano, senón que ao longo da tempada de caza, farán uso frecuente do local.

Remata a súa intervención expresando que en todo caso unha vivenda social por sí sóa non vai a resolver o problema da falla de vivenda social.

Remata o debate do asunto coa intervención do voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, reiterando que baixo a opinión do seu grupo a Escola antiga do Barreiro tería mellor uso como vivenda social.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal de membros que compoñen a corporación municipal (6 votos a favor dos Sres. Concelleiros/as do Grupo Municipal do P S de G - PSOE, 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC e 1 abstención do Sr. Concelleiro do Grupo Mixto - PP), o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

1º. Iniciar expediente para ceder gratuitamente o ben inmovible denominado "Escola vella do Barreiro", a favor da Sociedade Deportiva de Cazadores C.E S.E de Santa María de Cabalar. Dita cesión instrumentaríase a través do correspondente convenio asinado por ámbalas dúas partes.

2º. Someter o expediente a un período de información pública polo prazo de vinte días mediante anuncio que se publicará no BOP a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen oportunas.

3º. Dar conta do expediente á Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

4. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta ao Pleno da Corporación, dos Decretos e Resolucións da Alcaldía dende o día 13.06.2015 ata o 21.08.2015, que a continuación se relacionan:

XUÑO:

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.06.2015 aprobación de gastos.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 15.06.2015, aprobación de facturas -pago
- **ORGANIZACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 17.06.2015, nomeamento de concelleiros delegados nos distintos eídos.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.06.2015, aprobación de facturas - pago.
- **ORGANIZACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 17.06.2015, nomeamento de tenentes de alcalde.

- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 17.06.2015, período de vacacións de D.^a María Celia Couce Moreira, dende o 2 de xullo ata o 9 de xullo, do 3 de agosto ata o 9 de agosto e do 1 ao 8 de setembro de 2015.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 17.06.2015, período de vacacións de D.^a María América Uceira Criado, dende o día 29 de xuño ata o día 19 de xullo, dende o día 1 ao 10 de agosto e dende o día 1 ao 6 de xaneiro de 2016.
- **INVENTARIO MUNICIPAL:** Resolución da Alcaldía de data 17.06.2015, incorporación de bens ao inventario municipal da infraestrutura denominada "Ampliación da rede de sumidoiros na Estoxa".
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 17.06.2015, regularización do cemiterio veciñal da Capela.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 18.06.2015, concesión de licenza urbanística a D. Alexandre Xosé Ramos Gorgozo, para "Construción de vivenda unifamiliar e construción auxiliar", sita no lugar de Cabodantoi - A Capela.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 18.06.2015, período de vacacións a D.^a Josefina Fernández Ferreira, dende o día 15 de xullo ata o día 24 do mesmo mes, e dende o 31 de agosto ata o 18 de setembro.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da alcaldía de data 19.06.2015, cancelación e devolución do aval presentado por Ágada Occidente, S.L. para garantir a execución da obra "Pavimentación de vías municipais: A Porta, San Boulo e outros".
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19.06.2015, cancelación e devolución do aval presentado por Transportes y Excavaciones Jesús Canelo Fernández y Otro SPC", para garantir a execución da obra "Saneamento de augas residuais na Estoxa".
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19.06.2015, cancelación e devolución do aval presentado por Transportes y Excavaciones Jesús Canelo Fernández y Otro SPC, para garantir a execución da obra "Colector de saneamento en Sande".
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 19.06.2015, cancelación e devolución do aval presentado por Construcciones Concifa, S.L. para garantir a obra denominada "Pavimentación de vías municipais: A Barbela - AC121".
- **LICENZA DE OBRAS:** Resolución da Alcaldía de data 19.06.2015, outorgamento de licenza presentada pola consellería de Sanidade para levar a cabo as obras de Construción do Centro de Saúde.
- **PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 19.06.2015, alta no padrón municipal a D. Omar Piñeiro Cal e D.^a Lucía Piñeiro Cal en Mende, 6 - A Capela.
- **SUBVENCIONS A ENTIDADES:** Resolución da Alcaldía de data 19.06.2015, nomeamento da comisión avaliadora de subvencións a entidades 2015
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.06.2015, aprobación de gasto.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 26.06.2015, aprobación de facturas - pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 22.06.2015, período de vacacións a D.^a Olga Galdo López dende o 6 de xullo ata o día 26 de xullo e dende o día 7 de setembro ata o día 15 do mesmo mes.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 22.06.2015, conceder a D. José Antonio Meizoso Paz, os días 20 e 21 de xullo de 2015 por asuntos propios.

- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 23.06.2015, concesión de día de asuntos propios a D. Juan Vilar Gabeiras o 23.06.2015.
- **ASISTENCIA XURÍDICA:** Resolución da Alcaldía de data 24.06.2015, solicitude á Deputación Provincial da Coruña, para defensa xudicial do recurso interposto por D.^a María José Pérez Graña e D.^a Rosa María Pérez Graña contra resolución do concello por expediente sobre reposición da legalidade.
- **ASOCIACIÓNS CULTURAIS:** Resolución da Alcaldía de data 25.06.2015, concesión de subvención ás entidades culturais e deportivas 2015.
- **SERVIZOS SOCIAIS:** Resolución da Alcaldía de data 26.06.2015, compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal coa Consellería de Traballo e Benestar.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 26.06.2015, período de vacacións a D. José Antonio Meizoso Paz, dende o día 10 de setembro ata o día 9 de outubro de 2015.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 27.06.2015, nomeamento de funcionario accidental para o desempeño do posto de secretario - interventor a favor de D. Jesús Franco Rodríguez, por motivo de vacacións do seu titular D. José Antonio Meizoso Paz.
- **ASOCIACIÓNS:** Resolución da Alcaldía de data 30.06.2015, inscrición no Rexistro municipal de asociacións á "Sociedade deportiva de Cazadores C.E S.E Santa María da Cabalar".
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 30.06.2015, aprobación do padrón fiscal da taxa de prestación do servizo municipal de abastecemento de auga potable, correspondente ao 2º trimestre do exercicio 2015, exposición pública e fixar o período do pagamento en voluntaria.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 30.06.2015, aprobación do modificado do proxecto denominado "Reparación da beirarrúa da marxe dereita da AC-564".

XULLO

- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 01.07.2015, aprobación do padrón fiscal da taxa de prestación do servizo do ensino na Escola Municipal de música correspondente ao mes de xuño de 2015.
- **PADRÓNS FISCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 01.07.2015, aprobación do padrón fiscal da taxa de prestación do Servizo de Axuda no Fogar, correspondente ao mes de xuño 2015.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 02.07.2015, aprobación de gastos.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.07.2015, aprobación de facturas - pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 03.07.2015, período de vacacións dende o día 20 de xullo de 2015 ata o día 29 do mesmo mes a D.^a María Isabel Franco Rodríguez.
- **LICENZAS URBANÍSTICAS:** Resolución da Alcaldía de data 08.07.2015, aprazamento do aboamento das taxas municipais á Consellería de sanidade, da licenza outorgada para a Construcción do Centro de Saúde de As Neves- A Capela.

- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 13.07.2015, execución das obras de "Recuperación do miradoiro de Teixido e do seu acceso".
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 13.07.2015, conceder o período de vacacións a D.^a María Cristina Rodríguez Sanmartín, dende o día 20 ao 31 de xullo de 2015 e do 31 de agosto ao 11 de setembro de 2015.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 13.07.2015, aprobación de gastos.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 14.07.2015, alta no padrón municipal de habitantes de D.^a Manuela Menaya Sanjuan, en Covos, nº 1 - A capela.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 17.07.2015, concesión do período de vacacións a D.^a Elsa Gómez López, dende o 3 de agosto ata o día 28 do mesmo mes, ano 2015.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 20.07.2015, de aprobación de gastos.
- **FESTAS TRADICIONAIS:** Resolución da Alcaldía de data 23.07.2015, de fogos de artificio, con motivo da Festa de Santiago Apóstol de 2015.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 27.07.2015, concesión do día 29.07.2015, por asuntos propios a D. Jesús Franco Rodríguez.
- **PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES:** Resolución da Alcaldía de data 27.07.2015, alta no padrón municipal de D.^a María Manuela Cabarcos Seijo, en As Neves, 68 - A Capela.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 27.07.2015, aprobación da certificación número un e final da obra " Mellora da rede de alumeadado público en As Neves, Mourente, Vilasuso e outros", presentada pola empresa Javier y Oscar, S.C.
- **FESTIVIDADES LOCAIS:** Resolución da Alcaldía de data 30.07.2015, propoñer ao departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia da Coruña como festas locais 5 e 16 de agosto de 2016.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 30.07.2015, contratación da obra "Modificación do punto de verquido da depuradora de Gunxel e adecuación do seu entorno".

AGOSTO

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.08.2015, aprobación de gastos.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 03.08.2015, aprobación de facturas - pago.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 11.08.2015, vacacións de 2015 D.^a María Celia Couce Moreira dende o día 21.08.2015 ata o día 27.08.2015
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 12.08.2015, nomeamento da tesoreira accidental D.^a Olga Galdo López, en substitución das vacacións de D. Jesús Franco Rodríguez.
- **CONTRATACIÓN:** Resolución da Alcaldía de data 14.08.2015, adxudicación da obra "Modificación do punto de verquido da depuradora de Gunxel e adecuación do seu entorno".
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 14.08.2015. aprobación de facturas - pago.

- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 17.08.2015, de aprobación de gastos.
- **PERSOAL:** Resolución da Alcaldía de data 19.08.2015, concesión de día por asuntos propios a D.^a María Isabel Franco Rodríguez.
- **FESTA REQUEIXO:** Resolución da Alcaldía de data 19.08.2015, fixación do prezo das pezas de cerámica conmemorativas da XXVII Festa do Requeixo, 14€ IVE engadido.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 18.08.2015, de aprobación facturas pago.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.08.2015, de aprobación de gastos.
- **CONTABILIDADE:** Decreto da Alcaldía de data 19.08.2015, de aprobación de facturas pago.

O Pleno queda enterado.

5. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Non se presentaron.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS.

Non se formulou ningún rogo.

PREGUNTAS.

Dase conta das preguntas formuladas polo voceiro do Grupo Mixto - PP, D. Santiago Meizoso Permuy, que de seguido se relacionan:

1. A Conta solidaria: Canto se recaudou? A qué familias se lles entregaron os cartos?

Polo Sr. Alcalde-Presidente, respótaselle que na actualidade o saldo da conta é de 4.370€ , trátase dunha conta non presupostaria e o Concello dende abril de 2015 vén aboando unha cantidade mensual equivalente a 1.500€ con cargo a esta conta para o tratamento médico dun veciño da Capela.

2. Fragas do Eume:

a. O Concello nomeou ós representantes técnicos do Concello para a modificación do Plan Rector de Usos e Xestións (PRUX) do Parque Natural? Quenes son? Que criterios utilizou para o seu nomeamento?

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndaselle que o Concello non vai a nomear ningún técnico, xa que confía nos técnicos da Xunta e é a Xunta a que tén que facer o traballo e non facerllo outras administracións que non teñen competencia para elo.

b. Que pasos está a dar o Goberno Local para solucionar o Problema do Parque Natural?

Polo Sr. Alcalde-Presidente respóndaselle que se están a manter reunións periódicas coas dúas asociacións de afectados, así como cos representantes nomeados polos propietarios, agárdase que por parte da Xunta se faga a convocatoria para iniciar os grupos de traballo.

c. O autobús de acceso ao Parque Natural: Podería indicarnos o uso (nº de viaxeiros) que ten este medio de transporte?

Respóndalle o Sr. Alcalde-Presidente que o Concello da Capela non tén datos da ocupación do autobús, xa que a contratación faina a Deputación da Coruña, non obstante afirma que o uso é moi minoritario, e que xa o ano pasado solicitou á Deputación un microbús de nove prazas que puidera acceder a só 200 m. do Convento de Caaveiro, pero de novo este ano volveron a contratar un autobús grande que o ano que vén de selo mesmo, reixitáremolo.

3. Plaga de roedores en Gunxel. Os veciños seguen queixándose da praga de roedores como consecuencia da existencia da EDAR, que medidas ten pensado adoptar a Concellería correspondente sobre este problema?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente, que con respecto a este tema, este ano non recibiu no Concello ningunha denuncia ou queixa por parte dos veciños do lugar, afirma así mesmo que no pasado houbo algunha queixa e enviouse a empresa de desratización que ten contratada o concello para solucionar o problema. Remata a súa intervención manifestando que se porá en contacto cos veciños afectados para solventar o problema.

4. Que xestións está a realizar o Sr. Alcalde co problema dos ataques do lobo na Capela?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que só tivo coñecemento dun caso concreto o de José de Guillurfe, que ademáis saiu na prensa, e naquel intre falouse co Director correspondente da Xunta de Galicia, pero non fixeron nada.

Dise ademáis que por tercer ano consecutivo a Xunta rechazou as batidas solicitadas polas dúas sociedades de cazadores do Concello.

Remata o asunto coa intervención do voceiro do Grupo Mixto - PP D. Santiago Meizoso Permy, para pedir ao Sr. Alcalde - Presidente que neste asunto tense que poñer ao fronte dos veciños para defender os seus intereses, xa que se producen perdas económicas, e dí que neste asuntoponse ao seu lado para facer as xestións que foran precisas diante do organismo competente da Xunta de Galicia.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas corenta minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso López

O Secretario,

José A. Meizoso Paz